



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 17 de xaneiro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(20).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(21).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL E UN/UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA BENESTAR SOCIAL”EXPTE. 33269/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/01/19, dáse conta do informe-proposta de 14/01/19, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- Con data 28/11/2018, o Xefe da Área de Benestar Social e a Concelleira-delegada da Política Social, remite oficio manifestando a urxente necesidade de entre outros diplomados en traballo social e auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 03/01/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres diplomados/das en traballo social e un/unha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 10/01/2018, emítase polo Técnico de técnico de intervención informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:



## Concello de Vigo

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica *estatal a la legislación autonómica sobre función pública.* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de

tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 31-diplomados en traballo social e posto cod. 138-auxiliar de administración xeral, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



## Concello de Vigo

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe da área de Benestar social e a concelleira delegada de política social, así como na instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Intervención, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de tres diplomados/as en traballo social supón un gasto de **58.410,99 €** (data prevista de nomeamento 21/01/2018) ao que haberá que engadirse a cantidade de **18.673,20 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa; e o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Benestar social, supón un gasto de **11.803,74 €** (data prevista de nomeamento 21/01/2018), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.624,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías de Diplomado/a en traballo social e de Auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificada as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Diplomado/a en traballo social de D<sup>a</sup>. Seila Álvarez del Campo con DNI 36\*\*\*9\*9\*, D<sup>a</sup> Elena Vázquez Otero, con DNI \*\*091\*\*3\* e D<sup>a</sup> María Estévez Bao con DNI \*9\*6\*3\*1\*; e como Auxiliar de administración xeral, de D<sup>a</sup>. María Cristina Miniño Valverde con DNI \*\*\*76\*65\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar ao referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **diplomados/das en traballo social (tres) e auxiliar de administración xeral (un/unha)**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Benestar Social contidas no escrito do 28/11/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **un gasto de 58.410,99 €** (tres diplomados/as en traballo social-data prevista de nomeamento 21/01/2018) e **11.803,74 €** (un/unha auxiliar de administración xeral-data prevista de nomeamento 21/01/2018), todo elo xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, **como Diplomado/a en traballo social a: D<sup>a</sup>. Seila Álvarez del Campo con DNI 36\*\*\*9\*9\*, D<sup>a</sup> Elena Vázquez Otero, con DNI \*\*091\*\*3\* e D<sup>a</sup> María Estévez Bao con DNI \*9\*6\*3\*1\*; e como Auxiliar de administración xeral, a: D<sup>a</sup>. María Cristina Miniño Valverde con DNI \*\*\*76\*65\***, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 81-diplomado en traballo social e 138-auxiliar respectivamente), sendo



## Concello de Vigo

adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe de Benestar Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(22).- AXUSTE DE ANUALIDADES EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO (SPA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 327/2202.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/01/19, dáse conta do informe-proposta de 14/01/19, asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais, a xefa de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, Isabel Cabeza Pereiro e Aránzazu González Soengas, técnicas de

Prevención de Riscos Laborais do Servizo<sup>1</sup> Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emiten informe da necesidade e idoneidade de contratar a prestación do servizo consistente na contratación dun Servizo de Prevención Alleo para a prestación da formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, en cumprimento da obriga de formación dos traballadores nesta materia imposta polo artigo 19 da Lei 31/95, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Con data 23/08/2018 o Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na impartición da formación teórico práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, e iníciase a tramitación do dito expediente (exp. 327/2202).

En data 18/12/2018 a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da clasificación de ofertas para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do Concello de Vigo.

Segundo consta no prego de cláusulas administrativas particulares o orzamento base de licitación para a contratación dun SPA para a prestación do servizo de formación en materia de seguridade de saúde laboral ascende a 20.000 € (exento de IVE), que se prevé imputar á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 “Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o vixente exercicio económico”, prevéndose a seguinte distribución:

Anualidades (exento de IVE)

- 2018 – 3.333,33 euros
- 2019 – 16.666,67 euros

O servizo de Intervención emitiu os documentos económicos correspondentes a estas cantidades para estas anualidades (nº operación 201800087558 para a cantidade prevista para o 2019 e 201800087557 para a correspondente ao 2018)

Con todo, a tramitación do expediente demoruse, e faise necesario o reaxuste das anualidades. A data prevista para o inicio da prestación é o 21/01/2018, polo que a distribución en anualidades debería ser a seguinte:

Anualidades (exento de IVE)

- 2019 – 18.904,11 euros
- 2020 – 1.095,89 euros

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** De conformidade co artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais o Concello de Vigo debe garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva.

<sup>1</sup> Integrado na Área de RRHH e Formación, constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, en cumprimento do establecido no art. 31.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, art.14.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención e seguindo a organización da xestión da prevención de riscos laborais establecida no Plan de Prevención do Concello de Vigo (aprobado en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2010).





## Concello de Vigo

2.- O expediente de contratación iníciase e tramítase de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3.- En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no PCAP do exp. 327/2202 ás necesidades reais

A vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### **PROPOSTA:**

**Primeiro.**- Aprobar o axuste de anualidades da prestación e do crédito quedando o contrato por executar con data de inicio de prestación do contrato o día 21/01/2019, por un prazo de un ano, tal en como estaba previsto no expediente 327/2202, coa posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidades (exento de IVE)

- 2019 – 18.904,11 euros
- 2020 – 1.095,89 euros

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(23).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 327/2202.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/01/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

### **10.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202) na seguinte orde descendente:

	<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1º	<b>QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.</b>	<b>81,05</b>
2º	NORPREVENCIÓN, S.L.	63,88
3º	CONSULTORÍA INTEGRAL DE PRL, S.L.	62,62
4º	ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.	52,98

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para acreditar a solvencia técnica e a habilitación profesional deberán ter en conta o esixido nos apartados 5C e 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., o día 19 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 4 de xaneiro de 2019, dentro do prazo concedido, agás o nomeamento do responsable do contrato, que foi presentado o 10 de xaneiro, se ben a falta de presentación en prazo desta documentación non comporta a retirada da oferta regulada no artigo artigo 150.2 da LCSP, polo que podería ser obxecto de emenda.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xaneiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula de data 12 de decembro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202) coas seguintes condicións:

1. Propón as seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios indicados no apartado 3.G da FEC do PCAP:
  - a) Formación presencial teórica 34,37%
  - b) Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA (1 formador) 40%
  - c) Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de dous formadores ou un formador e un recurso preventivo aportado pola empresa 50%

- d) Formación presencial práctica: Supervisión por técnico de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello 25%
- e) Formación on–line 50%
- f) Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semipresencial de 50h (cun mínimo de 15 horas presenciais) 25%

2. Incrementa os medios persoais a adscribir ao contrato sinalados no apartado 5.F da FEC do PCAP (5 técnicos superiores en PRL) en:

- a) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de Seguridade no traballo.
- b) Incrementa en 1 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de hixiene industrial.
- c) Incrementa en 1 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de ergonómia e psicocioloxía aplicada.

3. Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ao contrato a maiores da esixida no apartado 5.F da FEC do PCAP:

- a) Técnico 1. PATRICIA URÍA GANDARA: 18 anos
- b) Técnico 2. MARÍA DOLORES TORIBIO SAA: 17 anos
- c) Técnico 3. EDUARDO MOURE PEDREIRA: 19 anos
- d) Técnico 4. JOSE MANUEL VARELA MONTECELO: 24 anos
- e) Técnico 5. ALBA BELEN FERREIRO MARGARIDE: 17 anos
- f) Técnico 6. M. ANGELES PEREZ FERNÁNDEZ: 19 anos
- g) Técnico 7. FRANCISCO JAVIER GOMEZ LEMOS: 21 anos
- h) Técnico 8. ANA Ma SOENGAS NOVOA: 17 anos
- i) Técnico 9. VICTOR CABALEIRO PORTELA: 17 anos



## Concello de Vigo

4. Os medios persoais a adscribir á execución do contrato teñen a seguinte formación en metodoloxía:

- a) Técnico 1. PATRICIA URIA GANDARA: 300 horas
- b) Técnico 2. MARÍA DOLORES TORIBIO SAA: 390 + 40 + 41 horas
- c) Técnico 3. EDUARDO MOURE PEDREIRA: 300 horas
- d) Técnico 4. JOSE MANUEL VARELA MONTECELO: 300 horas
- e) Técnico 5. ALBA BELEN FERREIRO MARGARIDE: 400 horas
- f) Técnico 6. M. ANGELES PEREZ FERNÁNDEZ: 300 horas
- g) Técnico 7. FRANCISCO JAVIER GOMEZ LEMOS: 300 + 40 horas
- h) Técnico 8. ANA Ma SOENGAS NOVOA: 300 horas
- i) Técnico 9. VICTOR CABALEIRO PORTELA: 300 horas

5. Os medios persoais a adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación complementaria:

- a) Técnico 1. PATRICIA URIA GANDARA: 14 + 16 + 35 + 14 + 120 + 16 horas
- b) Técnico 2. MARÍA DOLORES TORIBIO SAA: 70 + 100 + 240 + 270 horas
- c) Técnico 3. EDUARDO MOURE PEDREIRA: 18 + 14 + 15 + 20 + 20 + 14 + 20 + 20 + 20 + 17 + 21 + 10 + 10 horas

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(24).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DE AUGAS DE GALICIA, DE 3/12/18, NO PROCEDIMENTO DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00- OBRAS HIDRÁULICAS DE REGULACIÓN XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CANON DE REGULACIÓN)- DO PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DE 2014. EXPTE. 3535/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de 17/01/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** Con data 19 de decembro de 2018 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución da Directora de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014; expediente no que desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 654.753,03 euros polo dito concepto e ano.

**2º.-** Tal e como se recolle na devandita resolución de Augas de Galicia, por Orde Ministerial de 31 de xullo de 1962 outorgouse ao Concello de Vigo unha concesión de augas no río Oitavén para o abastecemento da cidade, que se materializou xa execución pola Administración do Estado do Encoro de Eiras; embalse que foi traspasado a Comunidade Autónoma de Galicia por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro.

**3º.-** A explotación deste encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, foi asumida polo Concello de Vigo, que viña prestando directamente e sen órgano especial de administración o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio.

**4º.-** O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981 acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación a través de sociedade privada municipal e con data 14 de decembro do mesmo ano aprobou o estatutos da Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A. para a xestión directa do servizo; xestión directa do servizo na que se incluía a explotación do encoro. Así resulta do estatutos da empresa municipal, aprobados polo mesmo órgano en sesión de 14 de decembro de 1981, cuxo artigo 2 dispón que:

«La Empresa Municipal de Aguas de Vigo, S.A. tiene por objeto la realización de los fines siguientes:

- a) La captación, embalse, depósitos, conducción, depuración, distribución y suministro de agua a la ciudad de Vigo y su término municipal.
- b) Estaciones depuradoras de aguas residuales, colectores generales, redes de alcantarillado y desagüe de aguas pluviales y residuales.
- c) Las ampliaciones, instalaciones, reformas, reparaciones o mejoras en toda clase de obras y servicios a que se refieren los precedentes apartados.
- d) Cuantas actividades que con carácter principal, accesorio o complementario se relacionen o afecten a la gestión y explotación de las obras y servicios indicados.
- e) La gestión y explotación de las actuales concesiones de aprovechamiento de aguas públicas y las que en lo sucesivo se adquieran».

**5º.-** Disolta e liquidada a devandita empresa municipal de augas, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de 1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO,



## Concello de Vigo

U.T.E.". O obxecto do contrato de concesión é a xestión integral do "Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo" e entre os bens que se puxeron a disposición da adxudicataria para a súa explotación figura, en primeiro lugar, o encoro de Eiras; encoro, que FCC Aqualia Vigo UTE ven explotando desde o inicio da concesión ata agora.

6º.- Con data 12 de maio de 2010 a presidenta de Augas de Galicia aprobou as Normas de Explotación da presa de Eiras.

Nas ditas normas, no apartado 1º —Datos administrativos— do Capítulo II, dise textualmente que:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. **Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia.»**

7º.- Augas de Galicia ven reclamando deste Concello de Vigo, en sucesivos escritos, desde o ano 2014, o pago do canon de regulación correspondentes ao primeiro semestre de 2014 —oficio de 21 de xullo de 2014—; o correspondente ao primeiro e segundo semestre do ano 2015 —oficios de 20 de xullo de 2015 e 21 de xaneiro de 2016— ; e o correspondente ao primeiro e segundo semestre do ano 2016 —oficios de 13 de xullo de 2016 e 13 de xaneiro de 2017—.

Esta Administración municipal ven opoñendo ao pago do dito canon de regulación nos sucesivos escritos de contestación aos ditos requirimentos as razóns que seguidamente se expoñen, as cales non obtiveron resposta da Administración Hidráulica de Galicia ata a resolución da Directora de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, referida ao inicio.

Ditas razóns son, en síntese, as que seguen: que tan so se coñece a identificación das obras, pero non a súa natureza nin o eventual beneficio que as mesmas podan irrogar ao Concello de Vigo; que, igualmente se descoñece se ese beneficio podería ser tamén predicable en relación con outros municipios que reciben a auga do encoro de Eiras; que o Concello de Vigo non realizou solicitude de execución de ningunha obra a Augas de Galicia , polo que non concorre o previo requisito da solicitude da obra polo suxeito pasivo; e, sobre todo, que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria, quen ten asumida a explotación, conservación, mantemento do encoro de Eiras, e non Augas de Galicia, o que exclúe o devengo do canon por inexistencia do feito imponible.

8º.- Con data 19 de decembro de 2018, segundo vai arriba dito, tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo a resolución da Directora de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014.

Neste expediente se da contestación ás alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito imponible para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, nos termos que resumidamente seguen:

— Que as obras realizadas de mellora e automatización do encoro de Eiras foron realizadas por Augas de Galicia, como titular da infraestrutura, por deficiencias observadas nos informes semestrais de revisión de seguridade do encoro, para mellorar a garantía no subministro de auga, «para desta maneira mellorar a garantía no subministro de auga xerado pola mellora das instalacións do encoro ao realizarse a renovación e control dos desaugadoiros de fondo dende o edificio de control, mellora da accesibilidade aos órganos de desaugue, así como permitir o telecontrol do nivel do encoró, caudais desaugados, a auscultación, parámetros meteorolóxicos, etc. Obras necesarias para manter a infraestrutura de regulación que permite dar o caudal solicitado polo concello de Vigo no seu título concesional.

O importe da execución destas obras nomeadas de “Mellora e automatización do encoro de Eiras” foi de 1.352.395,68 € e o importe da execución do proxecto complementario foi de 126.006,27 €, en total 1.478.401,95 €, sen contar os custes de redacción dos proxectos.

— Que o Concello de Vigo é o único beneficiado polas obras de regulación, pois é o único titular do aproveitamento de augas con destino ao abastecemento; isto con independencia de que o Concello de Vigo destine parte das augas captadas a outros municipios, cuxa fórmula xurídica se descoñece por Augas de Galicia.

— Que a nota que subxace nas esixencias que definen a taxa «é a coactividade na prestación do servizo ou da actividade. Coactividade que existe cando o pago da prestación patrimonial é anudado, legal ou reglamentariamente, á realización dunha actividade administrativa ou dun servizo público, e, tamén, cando eses bens, servizos ou actividades solicitados polo administrado e que presta a Administración, poden considerarse imprescindibles para a súa vida persoal ou social. Ao non existir liberdade ou espontaneidade real á hora de realizar o feito imponible, senón que a necesidade de acudir á actividade administrativa, froito da esencialidade dése servizo ou actividade, convértese de feito nunha necesidade inescusable. E idéntica consideración cabe cando sexa unicamente o sector público o que preste o servizo ou realice a actividade, non existindo outra posibilidade que non sexa acudir á Administración e pagar a prestación patrimonial esixida».

— Que o obxecto do contrato de concesión que vincula á Aqualia FCC- Vigo UTE co Concello de Vigo «non comprende a explotación do encoro, xa que a dirección da explotación recae sobre persoal de Augas de Galicia, nin comprende os gastos asociados a esta explotación que se describen a continuación, nin tampouco comprende gastos de administración e funcionamento que ten que asumir Augas de Galicia. Malia ter un dereito de caudal sobre o encoro, en ningún momento o concello de Vigo asumiu o traspaso deste, nin consta ningún acto administrativo que avale a súa entrega, que segue sendo titularidade de Augas de Galicia, feito este que ocasiona unha serie de gastos asociados á explotación, administración e funcionamento, como son:

- A Dirección de explotación, sendo o Director de explotación persoal de Augas de Galicia, co apoio doutros técnicos tamén de Augas de Galicia.

- Elaboración e mantemento da documentación de seguridade do encoro: Arquivo Técnico, XYZT; Normas de Explotación e Plan de Emerxencia.

- Auscultación e vixilancia do encoro.





## Concello de Vigo

- Conservación e mantemento dos sistemas de automatización da auscultación, órganos de desaugue, estación meteorolóxica, SCADA, etc.
- Mantemento correctivo dos desaugues de fondo.
- Seguros.
- Control de calidade das augas e mantemento e conservación das marxes do encoro.

A normativa aplicable en materia de explotación, que ocasiona gran parte dos gastos de explotación, administración e funcionamento e os gastos da propia obra referida con antelación, é fundamentalmente a seguinte:

O Real Decreto 9/2008, de 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, que determina que en tanto non se aproben as Normas Técnicas de Seguridade no seu desenvolvemento seguen vixentes:

- A Instrución para o Proxecto, Construción e Explotación de Grandes encoros de 1967.
- O.M. de 12 de marzo de 1996 como o "Regulamento Técnico sobre Seguridade de encoros".
- A Directriz Básica de Protección Civil ante o risco de Inundacións».

Prosegue a resolución dicindo que:

«De acordo coa mesma vemos que **é preciso a redacción de Normas de Explotación e Plan de Emerxencia, e a implantación do mesmo, que en concreto está actualmente implantándose por Augas de Galicia.** E preciso a realización de inspeccións periódicas para verificar o estado de conservación das obras e equipos, a auscultación do encoro e a presentación desta información ante a Administración. Realizar traballos de conservación da obra civil, maquinaria e instalacións, as reparacións e reformas necesarias, coa finalidade de manter permanentemente os niveis de seguridade requiridos e necesarios para garantir a operatividade do encoró, traballos todos eles realizados por Augas de Galicia».

Por tanto, conclúe, no que agora importa a fundamentación da resolución que nos ocupa, que: **«o concello de Vigo non asume a explotación do encoro, senón que unicamente realiza gastos mínimos que considera indispensables para asegurar o abastecemento de auga ao Concello de Vigo, e a outros concellos aos que non consta se lles repercute ou non os gastos asociados ao seu abastecemento»**

9º.- Desta resolución deuse traslado a Aqualia FCC Vigo UTE para informe en relación coa explotación da presa. En contestación á dita petición municipal Aqualia FCC Vigo UTE aporta documentación na que xustifica que a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras é realizada por Aqualia FCC Vigo UTE e non por Augas de Galicia. Desta documentación cabe destacar o que segue:

**A)** En primeiro termo recollese da devandita documentación unha descrición das labores de explotación que realiza a concesionaria do servizo de augas de Vigo, Aqualia FCC Vigo UTE, que se transcribe aquí:

«A continuación se describen las intervenciones que realiza Aqualia-FCC Vigo UTE para la explotación, vigilancia y mantenimiento de la presa de Eiras.

— Se realizan las actuaciones de vigilancia presencial con personal adscrito al servicio, con objeto de conseguir en todo momento los niveles de seguridad requeridos y garantizar la operatividad del embalse, incluyéndose:

- Registros diarios del estado de todos los equipos electromecánicos.
- Registro de los principales datos de explotación del embalse: nivel, caudales de entrada, salida y desagüe, pluviometría, nivel de apertura de válvulas, etc.
- Vigilancia del estado de la obra civil, galerías, drenajes, accesos y entorno del embalse.

— Intervenciones de mantenimiento de la obra civil, maquinaria e instalaciones:

- Se realiza un plan de mantenimiento preventivo donde se realizan una serie de intervenciones para la conservación de la infraestructura y equipo en los siguientes puntos:

- Coronación
- Galerías
- Aliviadero
- Pie de presa y paramentos
- Cimentación
- Desagües de fondo
- Tomas de agua
- Cámara de válvulas de salida
- Bombas de achique
- Instalación eléctrica
- Instrumentación y estación metereológica
- Sistema de comunicación
- Edificios Acceso
- Embalse y márgenes

-También se realizan las reparaciones y reformas necesarias para mantener la operatividad de la instalación.

— Revisiones de **mantenimiento legal** necesarias:



## Concello de Vigo

- Centros de transformación
- Instalación antiincendios

— Labores de **conservación** de estructuras, edificios, accesos y entorno del embalse, tales como desbroce, pintado y limpieza.

—Análisis periódico en laboratorio de los principales parámetros de la calidad del agua en el embalse a diferentes niveles y del agua de salida a consumo.

—**Gastos administrativos** varios derivados de:

- Certificación de la instalación bajo las siguientes normas y sistemas de gestión:

ISO 9001 Gestión de la calidad

ISO 14000 Gestión ambiental

ISO 50000 Gestión energética

OHSAS 18000 Gestión de la prevención

ISO 14064 Verificación huella del carbono

- Instalación asegurada con los siguientes seguros:

Responsabilidad civil

Riesgo de instalaciones

- Pago del impuesto sobre bienes inmuebles IBI»

**B)** En segundo lugar, recollese na dita documentación unha selección das partes das Normas de Explotación e do Plan de Emerxencia do encoro de Eiras que se refiren a esta e das que resulta que a explotación, conservación e mantemento do dito encoro é realizado por Aqualia FCC Vigo UTE. Merecen destacarse aquí:

— A declaración que se contén no apartado 1. -Datos administrativos- do capítulo II das Normas de Explotación do encoro (páxina 1 do dito capítulo) na que se afirma que:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. **Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia.**»

— A referencia no capítulo na páxina 31 do Capítulo III dos equipos de emerxencia existentes na presa, que pertencen, e así o recoñecen as Normas de Explotación, a Aqualia FCC Vigo UTE.

— O consignado no capítulo IV, das Normas de Explotación, sobre “Organización xeral da explotación e as normas”, que, en relación ao **personal da explotación** (paxina 3 do capítulo IV) di:

«El organigrama del personal de explotación de la Presa de Eiras se estructura en dos niveles, equipo técnico de explotación y equipo de instalaciones.

Al frente del organigrama general del servicio de explotación de la Presa de Eiras figura el Director de Explotación, de quien depende el Jefe de la Unidad Operativa, que a su vez es el Jefe de Explotación. Dependientes de este último se encuentran:

- Oficina técnica: Asistida en los procedimientos y seguridad y con asesoría en auscultación.
- Jefe de instalaciones: de quien dependen los vigilantes de la presa, así como los oficiales de mantenimiento y electricistas».

— Canto ás **funcións do persoal**, dispónse no apartado seguinte (páxinas 4 e 5 do Capítulo IV) que:

«Las funciones asignadas a cada uno de ellos en la Explotación Normal de la presa se resumen brevemente a continuación.

**El Director de Explotación** estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

1. Coordinación de actuaciones y equipos.
2. Toma de decisión sobre intensificación de vigilancia de la presa y ejecución de medidas correctoras en el caso de acontecimiento extraordinario.
3. Contratación de persoal externo y empresas colaboradoras.
4. Información a organismos implicados.

**El jefe de la Unidad Operativa (jefe de Explotación)** estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

1. Funcionamiento en general.
2. Transmisión telefónica de datos.
3. Prestar apoyo técnico y logístico al técnico encargado de la explotación o encargado que se lo requieran.
4. Estudio de la evolución de los niveles del embalse en la Explotación.
5. Dar cumplimiento a los programas de embalse y desembalse.
6. Estudio de la evolución de los parámetros de auscultación medidos en la presa y redacción de informes.



## Concello de Vigo

7. Elaborar el programa anual de auscultación y mantenimiento preventivo de la instrumentación, adaptándolo al resto de tareas de explotación, mantenimiento y vigilancia de las presas con el Director de Explotación, coordinándolo en el conjunto de presas a su cargo y vigilando su cumplimiento.
8. Elaborar un programa de mantenimiento correctivo en función de lo que se vaya detectando durante el desarrollo del mantenimiento preventivo.
9. Estudiar los procedimientos constructivos que mejor se adapten a las circunstancias y a los medios disponibles, evitando demoras en las reparaciones.
10. Estudiar las mejoras técnicas que se puedan incorporar en la auscultación de la presa.

**El jefe de Instalaciones** tendrá entre sus cometidos, las siguientes funciones:

1. Recepción de las tomas de datos recogidas por los vigilantes.
2. Órdenes inmediatas a los vigilantes de la presa en situación de explotación normal.
3. Archivo de los datos de embalse.
4. Archivo de los datos recogidos en las labores de mantenimiento, tanto de la obra civil como de los equipos electromecánicos.

**Los vigilantes** realizarán las siguientes funciones

1. Inspección de presa, embalse, caminos y laderas.
2. Toma de datos de nivel en el embalse.
3. Toma de datos meteorológicos.
4. Desagüe de caudales ordenados por el Ingeniero responsable de Explotación.
5. Guardería en presa y viviendas.
6. Limpieza, engrase, pinturas y reparaciones menores en presa.
7. Reparaciones en presa y viviendas.
8. Reposición de elementos menores de electricidad.
9. Supervisión de las labores de las empresas especialistas.

El control del personal se llevará a cabo mediante partes que recojan las actuaciones del personal en los distintos cometidos a realizar. (...).

— As declaracións que se conteñen no Plan de Emerxencias da Presa de Eiras, canto a explotación do encoro:

«1. INTRODUCCIÓN:

El objeto del presente capítulo es reflejar la organización establecida tanto para las situaciones en explotación normal, como la establecida en el Plan de Emergencia , indicando así mismo los medios y recursos humanos y materiales asignados al Plan

2. ORGANIZACIÓN EN EXPLOTACIÓN NORMAL

La presa de Eiras está gestionada por Augas de Galicia, Organismo al que pertenece el Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que desempeña las funciones de Director de Explotación (Xefe de Servizo de Execución y Planificación de Sistemas) y es el responsable del equipo técnico de explotación. Además otro ingeniero realiza las funciones como Representante Local, de adjunto al Director de Explotación, ayudando a éste para la correcta explotación de la presa y en constante contacto con el personal de la presa. La identificación y localización de ambos se incluye en el Apéndice 2.

En 1990, el Ayuntamiento de Vigo adjudicó la concesión de explotación de la presa de Eiras a la empresa Seragua FCC Vigo UTE por un periodo de 25 años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. **Desde entonces la gestión del embalse de Eiras depende de la empresa Aqualia.**

**La empresa Aqualia dispone de una organización que incluye personal propio para las labores normales de explotación de la presa.**

**Entre los empleados de la empresa con obligaciones relacionadas con las labores de explotación, mantenimiento y vigilancia de la presa se encuentran:**

**Jefe de la Unidad Operativa de Explotación (Jefe de Explotación)**

**Jefe de instalaciones**

**Vigilantes de la presa**

**Oficial electricista**

**Oficial de mantenimiento».**

— No mesmo sentido, no Capítulo IX das Normas de Explotación do encoro de Eiras consta:

«1. DESCRIPCIÓN Y ORGANIZACIÓN DEL EQUIPO TÉCNICO DE LA EXPLOTACIÓN

El organigrama del personal de explotación de la Presa se estructura en:

Equipo técnico:

Director de Explotación

Ingeniero Jefe de la Unidad Operativa, que es Jefe de Explotación



## Concello de Vigo

Jefe de Instalaciones

El personal auxiliar de explotación está integrado por:

Vigilantes de la presa

Oficial electricista

Oficial de mantenimiento

Además, la auscultación y vigilancia de la presa la realiza una empresa externa, que tiene adjudicado un contrato de asistencia técnica para realizar dichas tareas».

— E no apéndice 3 se identifica e localiza o persoal arriba referido:

### «PERSONAL DE AUGAS DE GALICIA

Servicios Centrais de Augas de Galicia

Praza Camilo Díaz 7-9 15781 Santiago de Compostela

Telef: 981 545 381

Fax: 981 544 988

Director de Explotación (Director del Plan de Emergencia):

Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas

Demarcación Sur de Augas de Galicia

R/San Salvador, nº 2-4º 36201 Vigo

Telf: 986 817 141

Fax: 986 817 155

Representante Local del Director del Plan:

Xefe de Demarcación Territorial Galicia-Sur

### PERSONAL DE AQUALIA

Oficinas de Aqualia en Vigo

R/Cantabria s/n 36206 Vigo

Telf: 986 371 178

Fax: 986 266 505

Jefe de Explotación: José Luis Cividanes Matos  
Jefe de Instalaciones: Eugenio Arjones Rodríguez  
Asistencia Técnica: Francisco Cañada Fernández  
Oficina de la Presa de Eiras  
Oficial de Mantenimiento : Ismael Durán Ferro  
Oficial Electricista: Antonio Sanmartín Blanco  
Vigilantes: Manuel Vidal Cal  
Manuel Casqueiro Casqueiro  
Manuel Domínguez Sánchez».

**C)** Documentación xustificativa da realización das actuacións de explotación, conservación e mantemento do encoro por parte de Aqualia FCC Vigo UTE:

- PARTE DIARIO EXPLOTACIÓN
- PARTE SEMANAL. EXPLOTACIÓN
- GRÁFICA SEMANAL NIVEL DE PRESA
- PARTE MENSUAL. DATOS PRESA EIRAS
- PLANIFICACIÓN MANTENIMIENTO
- INFORME PRINCIPALES ACTUACIONES PRESA EIRAS 2017
- FICHA TÉCNICA. GAMAS / INTERVENCIONES
- LISTADO HISTÓRICO DE CHECK LIST
- CHECK LIST MANTENIMIENTO
- ÓRDENES DE TRABAJO PRESA EIRAS
- CONTRATO E INFORME REVISIÓN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN
- TOMA PARA APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO

**D)** Por último, achega a concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo certificacións dos contratos de seguro asinados por Aqualia FCC Vigo UTE, por danos que poda sufrir a presa, ata a contía de 2.157.069,50 euros, e de responsabilidade civil de explotación, patronal, profesional, cruzada, post-trabajos, defensa e fianzas, ata a contía de 60.000.000 €.

**10.-** Figura tamén no expediente anuncio publicado no DOG, de 31 de xullo de 2015 (paxina 32003) en relación coa adxudicación da obra de Automatización da presa de Eiras





## Concello de Vigo

(expediente OH.136.906) no que se fai constar que o importe total da obra foi de 1.168.290 e non o de 1.352.395,68 que se consigna na resolución de que tratamos, e copia do anuncio de licitación do contrato de auscultación dos encoros de Eiras, Baiona e Con, por importe de 180.298,48 euros, a fin de controlar a seguridade da presa en cumprimento do disposto no artigo 362 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, de acordo co cal: «Se entiende por control de la seguridad de la presa y su embalse el conjunto de actuaciones que deben realizar las administraciones públicas competentes en materia de seguridad para verificar el cumplimiento por parte del titular de la presa, de las diferentes Normas Técnicas de Seguridad».

### CONSIDERACIÓN DE DEREITO

**PRIMEIRA.-** Dispón o vixente artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos y exacciones reguladoras de la Comunidad Autónoma de Galicia, que: «Os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, con captacións situadas aguas debaixo dos encoros xestionados por Augas de Galicia e/ou que captan directamente do encoro, financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destes encoros, satisfarán a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais incluída no anexo 3, en orden a compensar os custes da inversión que soporta a dita administración e atender aos gastos de explotación e conservación de tales obras».

Dos antecedentes que vimos de ver e da documentación achegada resulta con toda claridade que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo de augas, Aqualia FCC Vigo UTE, o que ten asumida a explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras e non Augas de Galicia e a que, a través da dita concesionaria, soporta —salvo a auscultación do encoro— a totalidade dos gastos que implica a explotación e conservación da presa: as funcións que Augas de Galicia desempeña, a través do seu Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, da Demarcación Sur de Augas de Galicia —ao que as Normas de Explotación do encoro denomina Director da Explotación— son funcións de superior fiscalización, vixianza e control da explotación, conservación e mantemento do encoro, que realiza a concesionaria do Concello de Vigo, pero non son funcións de explotación, conservación e mantemento da presa propiamente ditas, que son desenvolvidas polo personal de Aqualia FCC Vigo UTE; mercantil ligada contractualmente co Concello de Vigo, como concesionaria do servizo integral de augas desta Administración municipal e non coa Administración Hidráulica da Xunta de Galicia; relación contractual que esta parece descubrir. Esta función superior de fiscalización e control da explotación corresponde a Administración Hidráulica da Xunta de Galicia, como Administración con competencia en exclusiva en materia de augas e obras hidráulicas das conchas hidrográficas intracomunitarias, como é a que nos ocupa, e esta función superior de control é a que as Normas de Explotación do Encoro e o seu Plan de Emerxencias atribúe ao Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, da Demarcación Sur de Augas de Galicia, aínda que nominalmente se designe a este como Director da Explotación: as funcións propiamente ditas de explotación, conservación e mantemento da presa son desenvolvidas, segundo as ditas Normas —repetimos— polo persoal da concesionaria do Concello de Vigo.

Non concorre, pois o feito imponible da taxa, pois é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo integral de augas, e non a administración Hidráulica de Galicia, a que explota o encoro.

**SEGUNDA.-** Doutra parte, o encoro que nos ocupa tampouco é unha obra hidráulica financiada en todo ou en parte pola Administración hidráulica de Galicia: dita obra foi executada, rematada e sufragada pola Administración do Estado, antes do nacemento da Comunidade Autónoma de Galicia e o feito de que a Xunta de Galicia teña realizado obras de mellora por pouco máis dun millón de euros neste encoro non pode determinar que a obra non financiada nin en todo nin en parte pola Xunta de Galicia, pase a considerarse como si financiada por esta; en outro caso ¿onde estaría o límite do importe das obras executadas? ¿Bastaría unha mínima obra —non solicitada polo explotador do encoro, como ocorre no caso de que tratamos— para considerar que a obra non financiada pola xunta de Galicia pasa a ser obra si financiada suxeita á taxa? Desde logo o principio de proporcionalidade non se compadece cunha resposta afirmativa, sobre todo se dunha obra de pouco máis de un millón de euros, pretende cobrarse unha taxa que amortizaría totalmente a obra en dous anos

Pero, no presente caso cumpre tamén sinalar que a obra realizada parece executarse e sufragarse con ocasión da construción da derivación de auga para o discutido aproveitamento hidroeléctrico concedido pola Administración hidroeléctrica nesas datas a mercantil Topo 2000; aproveitamento hidroeléctrico ao que se opuxo o Concello de Vigo e que parece non chegou a materializarse, pero, cuxas obras parece que si se iniciaron sen que conste que as mesmas foran sufragadas pola concesionaria do aproveitamento hidroeléctrico a devandita mercantil Topo 2000.

As obras realizadas —salvo a derivación para o que —presumimos é o aproveitamento hidroeléctrico referido— supoñen, efectivamente, unha mellora para o encoro, pero nin eran necesarias nin foron solicitadas por esta Administración municipal e se ben o servizo de augas pode considerarse un servizo de recepción obrigatoria, as ditas obras non eran necesarias, nin —insistimos— foron solicitadas por esta Administración, polo que non cabe derivar das mesmas a consecuencia de que estas provoquen a consideración da presa como obra hidráulica de regulación financiada parcialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Tampoco concorre por este motivo o feito imponible da taxa, cuxo cobro se pretende do Concello de Vigo.

**TERCEIRO.-** Polo demais, a contumaz pretensión da administración Hidráulica de Galicia de cobrar a taxa que nos ocupa en presenza dos antecedentes e consideracións expostas, reiteradamente aducidas por esta Administración municipal, raia no delito de exaccións ilegais, previsto e penado no artigo 437 do Código Penal.

Desde logo é inexcusable a ignorancia das previsións das Normas de Explotación do encoro sobre a cuestión da suxeito explotador do mesmo e igualmente inexcusable é a negligente fundamentación da resolución cuxa impugnación se propón, que no último parágrafo da súa páxina 7, a proposito da alegación 4 di textualmente:

«De acordo coa mesma vemos que é preciso a redacción de Normas de Explotación e Plan de Emerxencia, e a implantación do mesmo, que en concreto está actualmente implantándose por Augas de Galicia. E preciso a realización de



## Concello de Vigo

inspeccións periódicas para verificar o estado de conservación das obras e equipos, a auscultación do encoro e a presentación desta información ante a Administración. Realizar traballos de conservación da obra civil, maquinaria e instalacións, as reparacións e reformas necesarias, coa finalidade de manter permanentemente os niveis de seguridade requiridos e necesarios para garantir a operatividade do encoró, traballos todos eles realizados por Augas de Galicia».

Este parágrafo, incluído na Resolución que nos ocupa a modo de conclusión da alegación 4, sobre a explotación da presa, parece copiado dun informe anterior ao 12 de maio de 2010 —data na que se aprobaron as Normas de Explotación do encoro de Eiras, que recoñecen a efectiva explotación da presa polo Concello de Vigo, a través da súa concesionaria Aqualia FCC Vigo UTE— e parece ter un carácter xeral, referido a todos os encoros de augas intracomunitarias, que non contaban naqueles tempos con tales normas. A referencia ao mesmo na resolución cuxa impugnación se propón é, daquela, extravagante e revela, certamente, unha negligencia na súa fundamentación que non cabe pasar por alto.

**CUARTO.-** Como queira que a execución do acto, cuxa impugnación se propón, pode supoñer prexuízos de difícil reparación en canto a mesma supón detraer recursos municipais destinados a sufragar finalidades públicas de necesaria satisfacción no presente exercicio orzamentario procede solicitar a suspensión do acto impugnado, ao abeiro do disposto no artigo 117 LPACAP.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Interpoñer recurso de reposición contra a resolución da Directora de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014, na que se reclama do Concello de Vigo o pago da cantidade de 654.753,03 euros polo dito concepto e ano.

**Segundo.-** Solicitar a suspensión da execución da devandita Resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(25).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DAS OBRA DE “IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA”. EXPTE. 4694/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, e o informe de fiscalización do 16/01/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa o Servizo de

Contratación, e o concelleiro-delegado de Fomento e Contratación, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2017 acordou aprobar o proxecto de obras "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído é de SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (714.260,30€)"

2.- A Xunta de Goberno Local en data 14/11/2017 acordou: "Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sustentable Vigo Vertical: Conexión rúa San Salvador praza Isabel a Católica, Vigo (4694/440) coas seguintes condicións:O prezo total do contrato é de 524.981,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.112,46 euros. En data 20.11.2017 procedeuse á formalización do contrato.

3.- Con data 28 de novembro de 2017, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento adorda nomear dirección facultativa da obra á Enxeñeira Municipal de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup>.Fátima Martínez Giráldez e a Enxeñeira Industrial, D<sup>a</sup>. Begoña Arranz González.

4.- Con data 28 de setembro de 2018, a Dirección facultativa da obra, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E PRAZA ISABEL A CATÓLICA DO CONCELLO DE VIGO"

5.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 18 de outubro de 2018 acordou "Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA" redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo"

6.- Por parte do Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo redáctase proxecto modificado nº 1 das obras de "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA"

8º.- Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de data 05.12.2018 no seguinte sentido:

### **"I-ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2017 acordou aprobar o proxecto de obras "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cuxo



## Concello de Vigo

orçamento base de licitación, IVE incluído é de SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (714.260,30€)”

2.- A Xunta de Goberno Local en data 14/11/2017 acordou: “Adxudicar a ORECO, S.A., o **procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sustentable Vigo Vertical: Conexión rúa San Salvador praza Isabel a Católica, Vigo (4694/440) coas seguintes condicións:**O prezo total do contrato é de 524.981,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.112,46 euros.

3.- Con data 28 de novembro de 2017, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, resolve o seguinte:

Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Implantación das Políticas de Desenvolvemento Urbano Sustentable (Vigo Vertical) entre a rúa San Salvador e praza Isabel a Católica.” (Expte. 4694/440) á Enxeñeira Municipal de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup>.Fátima Martínez Giráldez e a Enxeñeira Industrial, D<sup>a</sup>. Begoña Arranz González.

4.- Con data 20 de novembro de 2017 formalizase o contrato das obras de “Implantación das Políticas de Desenvolvemento Urbano Sustentable (Vigo Vertical) entre a rúa San Salvador e praza Isabel a Católica” entre o Concello de Vigo e ORECO, S.A.

5.- O Acta de Comprobación de Replanteo con resultado negativo foi asinada na data 12/12/2017.

6.- Con data 26 de decembro de 2017 asínase o Acta de Comprobación de Replanteo positiva.

7.- Con data 27 de decembro de 2017 asínase o Acta de Suspensión temporal da obra motivado pola solicitude do contratista, ata a autorización por parte de Industria do proxecto de Unión Fenosa Distribución para o traslado do centro de transformación existente.

8.- Con data 2 de xullo de 2018 comunícase a finalización da suspensión temporal das obras, unha vez resolta a autorización por parte de Industria do proxecto de Unión Fenosa Distribución.

9.- Con data 28 de setembro de 2018, a Dirección facultativa da obra, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto “**IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E PRAZA ISABEL A CATÓLICA DO CONCELLO DE VIGO**”

10.- Con data, 18 de outubro de 2018, co conforme do Delegado da Área de Fomento, solicítase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: “Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras “**IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA**” redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo”

O desenrolo das obras contratadas e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha

serie de condicionantes que obrigan a xerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos dende o proxecto.

Neste sentido preséntase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación das obras, como aos cambios necesarios para adecuar este ás especificacións de maior seguridade para a implantación dun ascensor na rúa San Salvador e as obras accesorias necesarias para executalo.

Este Proxecto Modificado nº1, réxese polo TRLCSP, en base ao especificado na disposición transitoria segunda, punto 2, da LCSP 9/2017, en vigor, "Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior"

## **II- MODIFICACIONES.**

### **1) SOLUCIÓN TÉCNICA DIFERENTE DA CONTIDA NO PROXECTO PARA DESVÍO DUN COLECTOR DE SANEAMENTO EXISTENTE.**

O proxecto aprobado contempla a instalación dun ascensor que conecte en condicións de accesibilidade as rúas San Salvador e a Praza Isabel a Católica.

Actualmente existe unha canalización de saneamento (ovoide de formigón de dimensións 90x60 cm) que coincide coa ubicación proposta do novo ascensor, polo que é necesario o seu desvío para executar o obxecto do proxecto. O proxecto orixinal contempla para o desvío do colector, a escavación a ceo aberto de máis de 7 metros de profundidade, utilizando os muros de contención existentes no entorno para o sostemento das terras, podendo así executar a escavación en condicións de seguridade.

Unha vez iniciada a escavación detectouse que os muros existentes non teñen a profundidade nin a xeometría estimada no proxecto, e que non poden ser utilizados como muros de sostemento de terras durante a escavación do desvío do colector.

Como consecuencia da nova situación, e que non se poden asegurar condicións de seguridade na escavación proposta, considérase necesario reestudar o proxecto aprobado, para executar o desvío do colector cun método construtivo diferente do proposto no proxecto aprobado, que garanta a seguridade na obra.

Unha vez estudadas as metodoloxías construtivas para proceder con seguridade ao desvío do colector, conclúese que a proposta máis favorable é a realización dunha perforación horizontal dirixida. Esta solución permite realizar en condicións de seguridade o desvío do citado colector, precisando a realización dun pozo de rexistro intermedio para o cambio de trazado do mesmo na zona da calzada, polo que é necesario incluír unidades novas para a reposición do firme da rúa.



## Concello de Vigo

### **III- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS.**

O artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, indica: “**1.** Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.**

No caso das modificacións que afectan ao presente proxecto, non se producen variacións de unidades do mesmo relativas unicamente a un incremento de medición conforme ao artigo 147.1. do TRLCSP.

### **IV- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

As variacións son dun alcance de 90.202,32 euros, cunha alteración do 17,18%, non superando o 20% do prezo do contrato. En canto ao resto de variacións de medicións respecto ao proxecto orixinal, se deben ás circunstancias descritas no apartado anterior, e que se detallan por capítulos no seguinte apartado.

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto:

#### **CAPITULO 1. TRABALLOS PREVIOS**

##### **SUBCAPÍTULO 01.01. OBRA CIVIL TRASLADO CT**

Non se prevé ningunha alteración.

##### **SUBCAPÍTULO 01.02. OBRA CIVIL**

Non se prevé ningunha alteración.

##### **SUBCAPÍTULO 01.03. OBRA ELÉCTRICA**

Non se prevé ningunha alteración.

#### **CAPITULO 2. DEMOLICIÓNS**

Como consecuencia da necesidade de realizar o desvío do colector anteriormente descrito, é necesaria a construción dun pozo de rexistro intermedio para o desvío do trazado, o que implica una variación na medición de demolición necesaria descrita no proxecto.

Tendo en conta o axuste das medicións, o balance deste capítulo é de 1.668,86 €.

### **CAPITULO 3. EXCAVACIÓN**

Como consecuencia da necesidade de realizar o desvío do colector anteriormente descrito, tal e como se explica no capítulo anterior, levarase a cabo a construción dun pozo intermedio, o que implica a inclusión dunha nova unidade de obra para a excavación profunda do mesmo en condicións de seguridade.

A nova unidade:

3.3	m3	Excavación h>3,5m	126,00	65,401€/m3	8.240,59€
-----	----	-------------------	--------	------------	-----------

Tendo en conta a nova unidade, o balance deste capítulo é de 8.240,59 €.

### **CAPITULO 4. DESVÍO DE INSTALACIÓNS EXISTENTES**

#### **SUBCAPÍTULO 04.01. SANEAMENTO.**

Como consecuencia da necesidade de realizar o desvío do colector anteriormente descrito por unha metodoloxía diferente á considerada no proxecto orixinal, engádesse neste proxecto modificado unha nova unidade de perforación horizontal dirixida, o que implica a inclusión da maquinaria e os materiais que a compoñen que se describen a continuación:

A nova unidade:

4.1.8	m	Perforación horizontal dirixida 800mm.	36,00	1.661,05	59.797,80€
-------	---	----------------------------------------	-------	----------	------------

Con esta nova metodoloxía, xa non é necesaria a partida 4.1.2 relativa o colector enterrado ovoidal 60x90. Tampouco será necesario a execución da totalidade da partida 4.1.3 relativa a formación de dous pozos de resalto, xa que so será necesaria unha unidade.

Tendo en conta a nova unidade, a supresión de algunhas partidas e o axuste das medicións, o balance deste capítulo é de 54.084,66 €.

### **CAPITULO 5. URBANIZACIÓN E XARDINARÍA**

#### **SUBCAPÍTULO 05.01. XARDINARÍA**

Non se prevé ningunha alteración.

#### **SUBCAPÍTULO 05.02. URBANIZACIÓN**

Como consecuencia da execución do desvío do colector anteriormente descrito, é necesaria a construción dun pozo de rexistro intermedio para o desvío do trazado, o que implica a inclusión dunha nova unidade de obra para a excavación profunda que repercute no capítulo 3, (xa indicada) e unha posterior reposición do firme da calzada na zona onde se realiza esta excavación, cuxa unidade se detalle a continuación:





## Concello de Vigo

A nova unidade:

5.2.7	m2	Reposición de firme	260,00	51.774	13.461,24€
-------	----	---------------------	--------	--------	------------

Tendo en conta a nova unidade o e o axuste das medicións, o balance deste capítulo é de 13.461,24 €.

### **CAPITULO 6. ESTRUTURAS**

Non se prevé ningunha alteración.

### **CAPÍTULO 7. INSTALACIONES**

Non se prevé ningunha alteración.

### **CAPÍTULO 8. ASCENSOR**

Non se prevé ningunha alteración.

### **CAPÍTULO 9. VARIOS**

Non se prevé ningunha alteración

### **CAPÍTULO 10. ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD**

Non se prevé ningunha alteración.

### **CAPÍTULO 11. GESTIÓN DE RESIDUOS**

Como consecuencia da necesidade de realizar o desvío do colector anteriormente descrito, e da execución dun pozo de rexistro intermedio para o desvío do trazado, resulta una variación na medición de demolición necesaria descrita no proxecto. O cal implica ademais unha variación na medición da xestión de residuos prevista no proxecto

Tendo en conta o axuste das medicións, o balance deste capítulo é de 254,02 €.

## **V- CONCLUSIONES.**

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA", estímase que **non supoñen alteracións dos fins e características** básicas do proxecto inicial e que **son de interese público** e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15 das FEC. No presente modificado nº1, non se contemplan variacións das unidades executadas en relación aos criterios definidos no artigo 234.3 do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións

esenciais de adjudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de “IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA”.

As modificacións incluídas no proxecto modificado non teñen incidencia sobre as melloras ofertadas polo contratista na fase de licitación.

Para a creación dos prezos contradictorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras, e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e á Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións e variacións de medicións propostas neste expediente, en base a todo o exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento PEM de 85.231,09 € o que supón un incremento adicional líquido de 90.202,32 € tal e como se resume nas Táboas seguintes:

<b>CAPÍTULO</b>	<b>RESUMEN</b>	<b>ImpPresIni</b>	<b>ImpPresMod</b>	<b>DifImp</b>	<b>%</b>
C01	TRABAJOS PREVIOS	160.432,25	160.432,25	0,00	
C02	DEMOLICIONES	10.130,15	15.103,46	4.973,31	
C03	EXCAVACIÓN	27.154,93	35.373,91	8.218,98	
C04	DESVÍO DE INSTALACIONES EXISTENTES	10.809,54	66.677,22	55.867,68	
C05	URBANIZACIÓN Y JARDINERÍA	77.517,28	91.024,28	13.507,00	
C06	ESTRUCTURAS	46.689,00	49.099,10	2.410,10	
C07	INSTALACIONES	46.612,77	46.612,77	0,00	
C08	ASCENSOR	54.382,94	54.382,94	0,00	
C09	VARIOS	48.960,05	48.960,05	0,00	
C10	ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD	7.057,38	7.057,38	0,00	
C11	GESTIÓN DE RESIDUOS	6.302,26	6.556,28	254,02	
	<b>PRESUPOSTO DE EJECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>496.048,55</b>	<b>581.279,64</b>	<b>85.231,09</b>	
	13,00% GASTOS XERAIS	64.486,31	75.566,35	11.080,04	



## Concello de Vigo

6,00% BENEFICIO INDUSTRIAL 29.726,91 34.876,78 5.149,87

---

**SUMA PARCIAL** **590.297,77** **691.722,77** **101.425,00**

26.50% BAIXA DE -156.428,91 -183.306,53 -26.877,62  
ADXUDICACIÓN

---

**SUMA** **433.868,86** **508.416,24** **74.547,38**

21.00% IVE 91.112,46 106.767,41 15.654,95

---

**PRESUPOSTO DE** **524.981,33** **615.183,64** 90.202,32 17,18%  
**ADXUDICACIÓN POR**  
**CONTRATA**

		DIFERENCIA TOTAL	MODIFICACIONES XUSTIFICADAS SEGÚN ART.15 DAS FEC
C01	TRABAJOS PREVIOS	0,00	
C02	DEMOLICIONES	4.973,31	4.973,31
C03	EXCAVACIÓN	8.218,98	8.218,98
C04	DESVÍO DE INSTALACIONES EXISTENTES	55.867,68	55.867,68
C05	URBANIZACIÓN Y JARDINERÍA	13.507,00	13.507,00
C06	ESTRUCTURAS	2.410,10	2.410,10
C07	INSTALACIONES	0,00	
C08	ASCENSOR	0,00	
C09	VARIOS	0,00	
C10	ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD	0,00	
C11	GESTIÓN DE RESIDUOS	254,02	254,02
<b>PRESUPOSTO DE EJECUCIÓN MATERIAL</b>		<b>85.231,09 €</b>	<b>85.231,09 €</b>
%		17,18 %	17,18%

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15 das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15d das FEC, Límites da modificación, sinala que a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

Non se producen variacións de unidades relativas unicamente a un incremento de medición conforme ao artigo 147.1. do TRLCSP.”

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**I.- Normativa contractual de aplicación.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das modificacións rexeráse pola normativa anterior, Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP)

**II.- Posibilidade de Modificación.-** O artigo 210 do TRLCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 105 do TRLCSP contempla que os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

O TRLCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 106 e 107) do TRLCSP. No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade do artigo 106 TRLCSP, para o caso que nos ocupa o Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de agosto de 2017 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

Os aspectos a modificar son: as unidades de obra de traballos previos, electricidade, demolicións, escavacións, saneamento, urbanización e xardinería, estruturas, iluminación, rego, telecomunicacións e ascensor

As circunstancias que determinan a modificación son:

- ✓ Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto



## Concello de Vigo

Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, accesibilidade, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto

As modificacións non poderán superar o 20% do prezo do contrato.

IV.- **Procedemento.**- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 do TRLCS, figurando no artigo 234 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 108 , 211 e 234.b do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)
3. Informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 % do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 211.3.b TRLCS)

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executalas directamente.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remítirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

IV.- **Cumprimento de requisitos normativos.**- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interés público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 105, 106 e 107 TRLCSP así como do apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 18.10.2018.

3º.- Audiencia do redactor do proxecto.- Consta audiencia e conformidade polo redactor do proxecto, o Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 05.12.2018:

*“O proxecto modificado contempla novos prezos contraditorios, os que se xustifican no anexo 4 e apartado 18, do documento, considéranse adecuados, xa que para a súa definición, como se recolle no informe da dirección facultativa municipal respecto ao modificado: tomáronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.*

A documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

A súa vez o documento técnico, de acordo co art. 233.2, a súa documentación técnica pódese reducirse toda vez que a documentación completa para este tipo de proxectos que xa constaba no proxecto que foi obxecto de aprobación e adxudicación.”



## Concello de Vigo

6º.- Recóllese no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 234.3 do TRLCS.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia por non ser inferior o prezo primitivo do contrato aos 6.000.000 de euros.

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 106 do TRLCS respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

VI.- **Competencia.**- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Javier de la Puente Crespo, con un importe adicional, aplicada a baixa ofertada, de 85.231,09€ o que supón un incremento adicional líquido de 90.202,32€, supoñendo un 17,18% de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas no art. 15 das FEC.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1539.619.00.08 do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez